

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015743	Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMS	Imaxe e son	CMIMS01	Vídeo disc-jockey e son	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1302	Animación musical en vivo	2023/2024	12	210	252

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SABELA PERNAS SOTO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O título de técnico en Vídeo Disc-jockey e Son nace ao abeiro do Real Decreto 114/2010, apenas catro anos despois da aprobación da Lei Orgánica de Educación (LOE) que declaraba como principio rector no seu preámbulo a regulación legal do ensino non universitario a la realidade actual de España baixo criterios de calidade educativa e igualdade de oportunidades, para a transmisión e efectividade de valores de liberdade, responsabilidade, tolerancia e respecto. O ciclo xurdía ademais nun momento de intensa transformación no eido socioeconómico ao que se dirixen as ensinanzas profesionais da familia de imaxe e son, marcado pola irrupción masiva das conexións de datos de alta velocidade que impoñen definitivamente cambios no modelo productivo derivados da dixitalización irreversible dos procesos de creación, comercialización e consumo das industrias culturais. En 2004 Ben Hammersley publicaba en The Guardian Audible Revolution, célebre artigo no que facía eco das novas tendencias de emisión radiofónica por redes de datos e no que creaba o neoloxismo podcast. En febreiro de 2005 aparecía en liña por primeira vez Youtube, e se celebra a primeira edición do festival Tomorrowland. En 2006 Spotify recollía o testemuño de Napster como gran revolución na difusión de música dixital, e en 2009, por vez primeira na historia, o sector dos videoxogos factura no mercado global un montante de negocio superior á facturación da industria cinematográfica.

A Comunidade Autónoma de Galicia, no exercicio do seu ámbito competencial educativo, regula o currículo oficial deste ciclo formativo de grao medio través do decreto 200/2013 de 27 de decembro (DOG nº 62) No texto, o perfil profesional que procura formar o currículo descríbese como unha persoa capaz de realizar sesións de animación musical e visual en vivo, ademais de ser hábil na captación de son en distintos proxectos, mestura de son en directo e gravación e reprodución en todo tipo de proxectos sonoros.

As competencias profesionais, persoais e sociais asociadas a este currículo procuran por tanto unha formación integrada dun profesional de alta polivalencia no sector da animación musical e visual en vivo; capaz tamén de efectuar labores de captación, gravación e mestura directa de son en calisquera tipo de proxecto sonoro, competente tanto no campo de espectáculos en directo como en producións audiovisuais e multimedia, empresas discográficas ou radiofónicas, instalacións fixas de sonorización ou eventos múltiples que requiran reforzo de son e apoiatura de imaxe.

No poliedro que constitúe a realidade socioeconómica galega, apenas é posible esaxerar a importancia da música, entendida esta tanto na súa pura vertente cultural como en tanto actividade económica con pleno sentido productivo e comercial. En tanto unha das comunidades autónomas con maior densidade de espectáculos culturais, eventos, actividades de lecer e industria musical, a estrutura do tecido productivo galego neste eido demanda e esixe un amplo repertorio de habilidades, permitindo a capilarización dos titulados en empresas de pequeno e medio tamaño pero alta intensidade laboral, en produtoras de grandes eventos ás ordes de persoal técnico superior ou mesmo en proxectos de emprendemento propios. A industria do espectáculo musical ao vivo amosa na actualidade unha expansión acelerada, nun clásico "efecto rebote" causado pola derogación das restricións sanitarias derivadas andazo da COVID-19, xunto cun certo momento social no que é vontade dunha grande maioría da poboación recuperar o tempo de lecer perdido durante a pandemia. Cómpre non perder de vista as interesantes experiencias derivadas de novas modalidades de explotación coas que a industria cultural (e o dj-ing en particular) reaccionaron á pandemia, estratexias online que, chegadas como solución ad-hoc teñen interesantes visos de continuidade (como as vinil home de Amelie Lens ou o espectáculo de fin de ano de 2020 de David Guetta) Estes vectores abren novas posibilidades via streaming ata o momento pouco desenvolvidas pero que comezan a ter un público en demanda crecente.

Animación Musical en Vivo (MP1302, Anexo I, 1.5.1) prográmase para o segundo curso do ciclo, momento crítico da formación do alumnado no que este débese saber competencial e actitudinalmente listo para incorporarse ao periodo de estadía en empresa tanto en FCT no réxime ordinario como na modalidade DUAL. O módulo constitúe un dos núcleos fundamentais da formación ofertada polo ciclo, toda vez que é a materia que aborda frontalmente a formación conceptual e procedemental do labor de disc-jockey que lle dá nome. Neste sentido, o módulo debere responder non só ás necesidades competenciais necesarias no perfil profesional, senon tamén ás expectativas que na mente do estudante, xa no segundo curso de formación, se foron conformando mediante a intuición máis ou menos intuitiva do que constitúe o labor técnico e

artístico de resolver con solvencia unha sesión de djing.

O andazo de COVID 19 afetou de maneira especialmente singular grande parte do ámbito produtivo ao que se dirixe o alumnado do ciclo. Galicia presentaba antes de marzo de 2020 un panorama de clubbing alentador, no que salas de longo prestixio como Zoo, Villa Rosa, Capitol ou Moom convivían con novos proxectos de altas prestacións a nivel de instalacións de son, como Pelicano ou Amura, ámbalas na cidade da Coruña. A pesar das anteditas dificultades pola situación pandémica, a capilarización do alumnado de vídeo no sector produtivo ao que se dirixe ten un vector directo no módulo través de locais de ocio, singularmente ocio nocturno, empresas de organización de eventos, e discotecas móbiles, sector en alza ata a paralización por mor da corentena. Este tipo de instalacións lixeiras de son, integradas nunha plataforma móbil, comezaban a ocupar o último tramo horario da verbena popular, despois da actuación do cabeza de cartel, e pola súa descarada aposta polo público máis mozo, o seu pulo e demanda era notable, consolidando xa algunhas referencias no panorama galego (Mínimo Eventos, Luvent, Gramola, Spacemusic, Chocolate...) O verán de 2022 demostrou que a recuperación do sector foi explosiva, demandando un número crecente de profesionais tanto na técnica, na montaxe escénica coma na parte artística. É de especial interese incidir na formación en prevención de riscos, xa que o demandante ritmo de traballo culminou en accidentes como o derrubo da cuberta do escenario principal do festival Son do Camiño no Monte do Gozo (Compostela) accidente no que, entre outros factores, a premura nos prazos sumada á falta de profesionais cualificados foi decisiva.

Hoxe en día, resulta común a expectativa por parte do público dun profesional capaz de desplegar un espectáculo de luz e son sobre unha multitude devezosa, cun repertorio completo que alterne éxitos recoñecidos con achádegos inesperados cun sólido coñecemento da cultura musical contemporánea, capaz de incorporar efectos, mesturas, loops, brillantes mash-ups e transicións marcadas por estilemas persoais, capaz de imprimir durante horas unha forte descarga emocional no público antes retirarse nun grande final inmune á presión da multitude. O alumnado, e singularmente aquel cun perfil máis alonxado do mundo do son ou da actuación en vivo, pode verse intimidado por estas expectativas, cedendo a timidez, o temor e autochantaxe dunha presunta "falta de talento" ou á complexidade das controladoras inzadas de potenciómetros, faders e knobs. É labor do docente non tanto rebaixar tales expectativas, como sistematizar coherentemente nunha sucesión comprensible toda a cadena de pequenas competencias técnicas necesarias que, unha vez engarzadas e funcionando sincronicamente, permiten acadar resultados de óptima calidade e aproveitamento dos recursos persoais do alumno.

A materia debera tamén introducir unha sólida base técnica para a elaboración dun produto sonoro completo e acabado para o alumnado, unha sesión en todo o sentido musical e empresarial do termo, dando saída directa a aquel perfil matriculado no ciclo cun interese inmediato na figura do produtor-dj, auténtico referente na industria musical actual de competencia profesional nas maiores esixencias de calidade. O cambio evolutivo no modelo de negocio da industria musical ocorrido a partir da distribución dixital de audio atravesa nos últimos anos o seu correlato naquel profesional capaz de compaxinar a difusión do seu propio material en plataformas electrónicas coa actuación en directo, través de estilos e propostas estéticas con necesidades técnicas específicas moi diversas. Máis unha vez, as expectativas asumidas polo público, incluso en locais de tamaño modesto, implican unha perfecta reprodución do sonido que demanda mestura de instrumentos virtuais cos presentes na escena, o tratamento da voz con insertos ata hai poucos anos reservados á gravación en estudio ou o envío de sinais ocultos aos artistas en escena. Un tratamento ordenado e sistemático de tal disparidade amósase imprescindible para que o estudante non se atope abafado polas expectativas e adquira os criterios profesionais cos que responder eficazmente ás esixencias da industria cultural contemporánea, mesmo en pequenos eventos que esperan a seren animados con material gravado de múltiples estilos, épocas e gustos entre a audiencia.

A reforma do currículo do ciclo superior de Técnico de son para audiovisuais e espectáculos, acometida través do decreto 222/2012 do 11 de outubro (DOG nº 109) que refundía o que antes eran dúas titulacións diferenciadas, deixou pouco espazo no plano de estudos para o eido radiofónico, quedando apenas na oferta de formación profesional os contidos do RA5 previstos no currículo do presente módulo profesional. Isto constitúe unha importante oportunidade de inserción laboral para o estudantado do ciclo medio, toda vez que en Galicia, as oportunidades globais de difusión por internet do produto sonoro conviven cunha densa

rede de radio autonómica e local.

Por todo isto, a secuencia proposta para as unidades didácticas da materia procura avanzar sincronicamente nambalas direccións incidindo no estudo sistemático das técnicas interpretativas, de instalación, técnicas e de difusión do medio radiofónico; a planificación da sesión musical en vivo, a montaxe, conexión e estudo dos equipamentos profesionais de reprodución de son, os criterios de operatividade de formatos de son gravado, e, finalmente, a práctica e adquisición das bases fundamentais da mestura de audio con sentido musical atendendo ás tendencias contemporáneas.

As orientacións pedagóxicas previstas no decreto 200/2013 (1.3.5) explicitan como competencias profesionais, persoais e sociais a seren desenvolvidas especialmente no módulo captar, editar e preparar ficheiros adaptados ao gusto do público e á estrutura prevista das sesións de animación ou en emisora; montar, conectar e desmontar equipamentos de son, imaxe e iluminación e realizar a súa comprobación de funcionamento; mesturar en directo os compoñentes visuais e os de imaxe fixa e móbil; resolver os conflitos que poidan xurdir través de protocolos estandarizados; e comunicarse eficazmente respectando a autonomía e competencia das demais persoas involucradas na contorna de traballo. Xúlgase este último punto como un dos máis importantes á hora de lograr a efectiva incorporación ao mercado laboral do alumnado, quizais só por detrás da adquisición das destrezas técnicas en si; xa que en toda industria cultural o traballo con equipos humanos constitúe unha base elemental do funcionamento e, por tanto, integrarse con criterio nas dinámicas propias do traballo en grupo é fundamental para a consecución do éxito laboral. Conforme ás competencias xerais descritas no regulamento e nas unidades do Catálogo Nacional de Cualificaciónes (INCUAL IMS436_2) que abranguen o título, darase especial importancia a que o alumnado actúe con responsabilidade, cooperación e autonomía desenvolvendo o traballo asignado, resolvendo e avaliando as incidencias identificando as súas causas, comunicándose con eficacia e respecto cos iguais na aula como base da capacitación relacional cos diferentes profesionais que intervirán no ámbito do seu traballo.

O IES Xelmírez I, herdeiro do antigo Instituto de Santiago, constitúe un dos centros educativos máis senlleiros de toda a rede de educación pública de Galicia, toda vez que ven de celebrar en recentes datas o seu 175 aniversario. Ubicado atualmente no centro da cidade, próximo ao Campus Sur, asume alumnado dende 1º de Ensino Secundario Obrigatorio ata 2º curso de bacharelato, incluíndo o réxime completo de formación para adultos en tódolos niveis e titulación de formación profesional básica, ademais do propio ciclo de VideoDj en réxime ordinario e modular. Esta grande oferta educativa tradúcese nun alumnado moi numeroso e de perfil moi diverso, non só en rango de idade e dispares traxectos educativos. Se ben é o alumnado da área urbana da capital galega o que prevalece no réxime diurno de secundaria e bacharelato, o ciclo formativo acolle procedencias do ámbito rural e pequenas vilas da comarca e mesmo de fóra de Galicia, en moitos casos implicando un investimento económico e esforzo persoal elevado, que deben seren en xustiza correspondidos pola calidade da formación recibida.

Incluíndo os tres grupos que configuran a comunidade educativa do ciclo (1º e 2º cursos de réxime ordinario máis o curso de réxime modular) o alumnado total do ciclo abrangue unhas sesenta persoas, entre as que o perfil maioritario é de perfil socioeconómico medio e medio-baixo; habitualmente mozos e mozas de 16 anos de idade que cursan co gallo de ter acceso a ciclo superior ou ben alumnos que superaron o bacharelato e que procuran inserción laboral directa no eido do espectáculo en vivo. O perfil do estudantado é eminentemente masculino, con presenza de entorno un 15-20% de mozas nunha ratio que sen embargo presenta unha tendencia claramente en ascenso durante os últimos cursos académicos. Esta situación presenta necesidades pedagóxicas singulares que serán debidamente desenvolvidas nas medidas de atención á diversidade.

O ciclo dispón de tres espazos de uso que lle son propios; unha aula de fasquía convencional, na que ten lugar o groso da formación do primeiro curso, unha aula na que un espazo de traballo cun pequeno truss partilla delimitación cun aula convencional e unha aula técnica insonorizada cun amplo estudo dotado de paneis de acondicionamento móbiles e dous estudos de control. Animación musical en vivo tería lugar

fundamentalmente na aula de segundo curso, empregando de xeito intensivo a aula técnica sobre todo no desenvolvemento das UD1 e 4. Ademais, fariase uso do pabillón deportivo do centro durante a UD1 e do teatro do centro, equipado cun truss e luminarias do ciclo, para a actividade final da materia.

Tal e como prevé o decreto 200/2013 nas súas orientacións pedagóxicas (1.3.5), para unha mellor eficacia no funcionamento conxunto do currículo e dada a importancia de que se alcancen os resultados de aprendizaxe establecidos, o módulo haberá de ser desenvolvido en estreita coordinación cos módulos MP1298 (Instalacións e Montaxe de Equipamentos de Son), MP1300 (Control, Edición e Mestura de Son), MP1301 (Preparación de Sesións de Vídeo-Discjockey) e MP1303 (Animación Visual en Vivo) Será de especial énfase a proposta de actividades intermodulares cando o permita o currículo, integrando o esforzo do alumnado en proxectos articulados e coherentes que permitan resultados máis próximos ao produto real así como non reiterar conceptos xa estudados con solvencia nos módulos de primeiro curso.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Podcasting e radiodifusión contemporánea	Características xerais do medio radiofónico; modelos de programación, tipoloxía de programas, trazos técnicos do estudio de radio, podcasting e outras emisións dixitais	32	15
2	Publicidade no medio radiofónico e por Internet	Elaboración e edición de cuñas publicitarias sonoras	25	10
3	Locución e linguaxe radiofónica	Técnicas de locución, trazos da linguaxe radiofónica	15	5
4	O produto sonoro	Emprego da voz e a posprodución de audio para a creación de pezas sonoras de ficción	20	20
5	Planificación e estrutura da colección musical	Planificación e coordinación de recursos humanos, técnicas de organización e planificación dos procesos de traballo, configuración do espazo escénico, a escaleta e rider técnico	20	5
6	Xestión de formatos de son	Tipoloxía de formatos de audio analóxicos e dixitais, catalogación, protocolo ID3 e tipoloxía e características das aplicacións informáticas	20	5
7	Tecnoloxía e axustes da sesión musical	Equipamentos e instalación da sesión musical. Criterios operativos de formatos de son gravado, fontes de sinal MIDI, axustes de equipamento, precaucións e resolución de problemas.	20	5
8	Rudimentos fundamentais de Djing	Beatmaching, mestura progresiva e figuras de corte, puntos CUE e operacións con controladora de audio	30	10
9	Técnicas expresivas da sesión musical	Loops, launchpad, instrumentos MIDI, emprego de efectos e crossfader, operacións con mixer e CDJ	40	15
10	Scratch, sampling, mestura armónica e tendencias contemporáneas do espectáculo musical	Sesións con sistema DVS e interfaz ProS4, técnicas avanzadas de mestura a catro pistase edición musical, estilos contemporáneos de Djing	30	10

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Podcasting e radiodifusión contemporánea	32

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Mestura en directo os ficheiros de audio e a locución correspondente do programa musical de radio en directo, en difusión hertziana ou a través de internet, valorando as características da audiencia, a duración do programa, o horario de emisión e o rango de cobertura.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Elaborouse un guión onde se defina o momento de emisión e a duración de locucións, ficheiros de audio, intersticios publicitarios e intervencións de persoas invitadas, reflectindo nunha liña de tempo acorde á duración do programa a irrupción de todos eles
CA5.2 Elaborouse o guión do programa radiofónico que inclúa os textos dos comentarios, as locucións e as presentacións de intervinientes que acompañen as pezas musicais, aplicando os recursos da linguaxe radiofónica.
CA5.4 Realizáronse as locucións pertinentes aos cortes musicais, seguindo as pautas de vocalización, ritmo e linguaxe radiofónica, e mantendo o estilo do programa musical e da emisora.
CA5.5 Mesturáronse en directo as fontes de son, seguindo sempre as indicacións do guión e axustándose á liña de tempo previamente definida.
CA5.7 Xerouse a versión podcast do programa realizado en vivo, aplicando a conversión de ficheiros predeterminada, e aloxouse nun servidor para o difundir mediante streaming ou descarga por parte de persoas usuarias.
CA5.7.1 Cumplíronse as recomendacións na norma técnica AES R128

4.1.e) Contidos

Contidos
Aplicacións profesionais de edición e emisión de programas de radio.
Confección dun guión radiofónico para sesións de animación musical.

Contidos
<p>Recursos técnicos empregados na radiodifusión: filtro, eco, reverberación, resonancia, ouro, marca do ton, playback, camelos, racconto, bocadillo e dar o pé.</p> <p>A radio en liña: requisitos técnicos e funcionamento, fontes auditivas, software de reprodución, procesadores de audio, repetidores e reprodutores de stream, podcast, shoutcast e splitcast.</p> <p>Características técnicas e funcionais do control e do estudio de radio.</p> <p>Características xerais do medio radiofónico.</p> <p>Modelos de programación radiofónica: xeneralista, especializada e híbrida.</p> <p>Tipoloxía de programas musicais en radio: radiofórmula, musical especializado e revista.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Publicidade no medio radiofónico e por Internet	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Mestura en directo os ficheiros de audio e a locución correspondente do programa musical de radio en directo, en difusión hertziana ou a través de internet, valorando as características da audiencia, a duración do programa, o horario de emisión e o rango de cobertura.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.6 Elaboráronse cortinas, cuñas e jingles, empregando efectos sonoros de elaboración propia e de mediatecas, e tendo en conta as características do programa musical.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Planos de son en radio.</p> <p>Características técnicas e funcionais do control e do estudio de radio.</p> <p>Tipoloxía de programas musicais en radio: radiofórmula, musical especializado e revista.</p>

Contidos
Publicidade no medio radiofónico: cuña, publirreportaxe e patrocinio.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Locución e linguaxe radiofónica	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Mestura en directo os ficheiros de audio e a locución correspondente do programa musical de radio en directo, en difusión hertziana ou a través de internet, valorando as características da audiencia, a duración do programa, o horario de emisión e o rango de cobertura.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.4 Realizáronse as locucións pertinentes aos cortes musicais, seguindo as pautas de vocalización, ritmo e linguaxe radiofónica, e mantendo o estilo do programa musical e da emisora.

4.3.e) Contidos

Contidos
Características xerais do medio radiofónico.
Linguaxe radiofónica: materiais sonoros e non sonoros.
Código verbal: voz e linguaxe escrita.
Técnicas de locución radiofónica.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O produto sonoro	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Mestura en directo os ficheiros de audio e a locución correspondente do programa musical de radio en directo, en difusión hertziana ou a través de internet, valorando as características da audiencia, a duración do programa, o horario de emisión e o rango de cobertura.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Elaborouse un guión onde se defina o momento de emisión e a duración de locucións, ficheiros de audio, intersticios publicitarios e intervencións de persoas invitadas, reflectindo nunha liña de tempo acorde á duración do programa a irrupción de todos eles
CA5.3 Axustáronse na mesa de mesturas os niveis óptimos de sinal das fontes de audio que se vaian utilizar no programa, tales como o sinal de microfonía, o procedente dos reprodutores de audio e o procedente das cuñas publicitarias, monitorizando unha proba de

4.4.e) Contidos

Contidos
OFuncións da música na comunicación radiofónica. Planos de son en radio. Recursos técnicos empregados na radiodifusión: filtro, eco, reverberación, resonancia, ouro, marca do ton, playback, camelos, racconto, bocadillo e dar o pé. Características técnicas e funcionais do control e do estudio de radio. Tipoloxía de programas musicais en radio: radiofórmula, musical especializado e revista.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Planificación e estrutura da colección musical	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica a sesión musical, coordinando os recursos técnicos e humanos dispoñibles, e documentando nunha escaleta o desenvolvemento previsible da sesión músico-visual.	SI
RA4 - Mestura en directo os ficheiros de audio na sala, tendo en conta a relación das características do público e a temática do evento coa consecución dos obxectivos da sesión.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Planifícase a sincronización dos ficheiros musicais cos recursos de iluminación, vídeo ou calquera outro tipo, tendo en conta a duración exacta das pezas musicais ou de imaxe, así como as características de iluminación da sala.
CA2.2 Determináronse as características do espazo escénico e os condicionantes técnicos, económicos e de seguridade para artistas, persoal técnico e público asistente.
CA2.3 Organízanse os procesos de traballo, aplicando técnicas de organización e planificación, e temporalizando as fases de actuación.
CA2.4 Determinouse o número, as características específicas e a orde das saídas ao escenario de figurantes, persoas animadoras, bailaríns e bailarinas e demais intervinientes, así como o horario e o tempo de cada intervención.
CA2.5 Definíronse as características dos efectos de luminotecnia e de vídeo que cumpra utilizar no desenvolvemento da sesión, para ser realizados por light-jockeys e vídeo-jockeys ou, de xeito integrado, por unha mesma persoa.
CA2.6 Documentáronse as necesidades de equipamento derivadas da interpretación dun rider técnico de artista, seguindo as instrucións precisas para a situación do equipamento no espazo de traballo e formulado alternativas adaptadas á sala.
CA2.7 Elaborouse un documento ou unha escaleta que reflecta a temática da sesión, a planificación temporal dos cortes musicais e visuais, as características da iluminación e a intervención de participantes e persoas invitadas.
CA4.8 Reaccionouse axiña e seguindo protocolos estandarizados de resposta en simulacros de emerxencia con alteracións de orde pública, incendios e outros contratemplos.

4.5.e) Contidos

Contidos
Planificación e coordinación de recursos humanos: bailaríns e bailarinas, performers, intérpretes musicais en directo e persoal técnico (light-jockey e vídeo-jockey).
Técnicas de organización e planificación de procesos de traballo en sesións de animación musical.
Aplicación de procedementos de rexedoría á preparación de sesións de animación musical.
Configuración e estrutura dos espazos escénicos en sesións de animación musical.

Contidos
A escaleta e as súas características. Elaboración dunha escaleta: liña de tempo, duración das pezas audiovisuais, duración das intervencións dos performers e situación no escenario.
O rider técnico e as súas características. Elaboración dun rider técnico: o plot ou plano de escenario, listaxes de equipamento e infraestruturas, requisitos de audio e de iluminación, backline, AC e escenario.
Execución de rider técnicos de intervenientes invitados. Conexión de equipamentos de audio, vídeo e iluminación: tipos de conexións.
Tipos e manexo de aplicacións de reprodución xeneralistas, tales como iTunes, Windows Media Player, Winamp, etc.
Tipos e manexo de aplicacións profesionais de reprodución para DJ: Traktor, Serato e Ableton Live. Configuración e utilización dos programas.
Estilos e técnicas de mestura de ficheiros e fontes de audio en tempo real.
Normativa de seguridade e riscos laborais en protección acústica.
Normativa de seguridade, protocolos de emerxencia e evacuación.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión de formatos de son	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza os ficheiros de audio seleccionados para a sesión, a partir da valoración das súas características sónicas, estilísticas e musicais.	NO
RA2 - Planifica a sesión musical, coordinando os recursos técnicos e humanos dispoñibles, e documentando nunha escaleta o desenvolvemento previsible da sesión músico-visual.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Seleccionáronse do catálogo dispoñible os ficheiros de audio que se vaian utilizar na sesión, atendendo a criterios estilísticos, temáticos, musicais, de horario e de tipo de audiencia, a partir da súa escoita.
CA1.2 Editáronse os metadatos nos propios ficheiros de audio, cubrindo todos os campos requiridos mediante a aplicación de catalogación e atendendo aos estándares de nomenclatura ID3.
CA1.3 Agrupáronse os ficheiros de audio seleccionados para a sesión, en cartafolios contedores organizados por estilos ou outros criterios de utilidade, para a súa utilización na sesión en vivo.

Criterios de avaliación

CA1.4 Seleccionáronse os ficheiros que necesitan ser editados para normalizar as súas características sónicas, con vistas a unha correcta reprodución.

CA2.2 Determináronse as características do espazo escénico e os condicionantes técnicos, económicos e de seguridade para artistas, persoal técnico e público asistente.

4.6.e) Contidos
Contidos

Tipoloxía e características de soportes de audio dixitais, ficheiros dixitais sen comprimir e ficheiros dixitais comprimidos.

Catalogación e nomenclatura de ficheiros musicais: criterios oficiais de ordenación.

Estándar ID3.

Tipoloxía, características e manexo de aplicacións de catalogación de ficheiros de audio, tales como iTunes, WMP, Winamp, etc.

Planificación e coordinación de recursos humanos: bailaríns e bailarinas, performers, intérpretes musicais en directo e persoal técnico (light-jockey e video-jockey).

Técnicas de organización e planificación de procesos de traballo en sesións de animación musical.

O rider técnico e as súas características. Elaboración dun rider técnico: o plot ou plano de escenario, listaxes de equipamento e infraestruturas, requisitos de audio e de iluminación, backline, AC e escenario.

Execución de rider técnicos de intervinientes invitados. Conexión de equipamentos de audio, vídeo e iluminación: tipos de conexións.

Normativa de seguridade e riscos laborais en protección acústica.

Normativa de seguridade, protocolos de emerxencia e evacuación.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Tecnoloxía e axustes da sesión musical	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza os ficheiros de audio seleccionados para a sesión, a partir da valoración das súas características sónicas, estilísticas e musicais.	NO



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica a sesión musical, coordinando os recursos técnicos e humanos dispoñibles, e documentando nunha escaleta o desenvolvemento previsible da sesión músico-visual.	NO
RA3 - Instala o equipamento de disc-jockey na cabina ou no espazo de traballo, aplicando procedementos estandarizados para a consecución dos resultados acústicos óptimos.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Editáronse os metadatos nos propios ficheiros de audio, cubrindo todos os campos requiridos mediante a aplicación de catalogación e atendendo aos estándares de nomenclatura ID3.
CA2.2 Determináronse as características do espazo escénico e os condicionantes técnicos, económicos e de seguridade para artistas, persoal técnico e público asistente.
CA3.1 Instaláronse reprodutores de audio, computadores portátiles, controladores MIDI e tarxetas de son de diversa procedencia no espazo de traballo, utilizando etiquetas identificativas de propiedade.
CA3.2 Conectáronse os equipamentos reprodutores nas entradas de pista axeitadas, atendendo ao tipo de sinal phono, liña ou dixital.
CA3.3 Comprobouse o correcto funcionamento dos equipamentos reprodutores e do mesturador, seguindo os protocolos de detección de avarías, identificáronse as incidencias e consignáronse nos partes correspondentes.
CA3.4 Axustáronse os niveis de entrada de sinal procedentes dos reprodutores mediante a variación das súas ganancias, e equalizando o son cos controis do mesturador e referenciando os indicadores gráficos de sinal ao nivel de cero decibeis.
CA3.5 Axustáronse os niveis do mesturador en saídas máster e monitores, para os adecuar aos requisitos dos equipamentos de amplificación e megafonía.
CA3.6 Realizouse unha proba de son con auriculares para comprobar que todos os niveis de entrada e saída de audio sexan correctos.
CA3.7 Respectouse a normativa relativa á protección de riscos laborais e contaminación acústica, revisando os niveis de monitorización na cabina e potencia amplificada.
CA3.8 Documentáronse as incidencias xurdidas no proceso, especificando detalladamente o tipo de anomalía, para a súa solución.

4.7.e) Contidos

Contidos
Tipoloxía e características de soportes de audio analóxicos: vinilo e cinta.
Características do prato xiradiscos e as súas partes: brazo, agulla, cápsula, control de velocidade, calibración de pesos, conexión do sinal phono, axuste e mantemento.

Contidos
Equilibra correctamente a agulla do reprodutor e compensa a inercia do sistema

Tipoloxía e características de soportes de audio dixitais, ficheiros dixitais sen comprimir e ficheiros dixitais comprimidos.

Características técnicas do reprodutor de discos compactos e os seus elementos: lente dixital, superficie de control e control de velocidade.

Tipoloxía, características e manexo de aplicacións de catalogación de ficheiros de audio, tales como iTunes, WMP, Winamp, etc.

Planificación e coordinación de recursos humanos: bailaríns e bailarinas, performers, intérpretes musicais en directo e persoal técnico (light-jockey e vídeo-jockey).

Técnicas de organización e planificación de procesos de traballo en sesións de animación musical.

Configuración e estrutura dos espazos escénicos en sesións de animación musical.

O rider técnico e as súas características. Elaboración dun rider técnico: o plot ou plano de escenario, listaxes de equipamento e infraestruturas, requisitos de audio e de iluminación, backline, AC e escenario.

Execución de rider técnicos de intervenientes invitados. Conexión de equipamentos de audio, vídeo e iluminación: tipos de conexións.

Tipoloxía, características e calidades técnicas dos xiradiscos. Sinal preamplificado phono: características. Conexión de terra.

Operacións con prato xiradiscos: brazo, agulla, cápsula, calibración, axuste RPM, conexión e mantemento
Tipoloxía e características de soportes de audio magnéticos

Tipoloxía, características e calidades técnicas dos reprodutores de discos compactos. Sinal de liña: características. Tipos, características e conexión de sinais dixitais ópticos, SPDIF, AES e EBU.

Configuración e conexións entre reprodutores analóxicos, reprodutores dixitais e mesturador. Configuracións e axustes entre software e hardware. Aplicacións de reprodución dixital para DJ. Tipos e características de códigos de tempo.

Tipoloxía, operación e características de mesturadores de DJ.

Tipoloxía, operación e características de controladores MIDI.

Normativa de seguridade e riscos laborais en protección acústica.

Normativa de seguridade, protocolos de emerxencia e evacuación.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Rudimentos fundamentais de Djing	30

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Instala o equipamento de disc-jockey na cabina ou no espazo de traballo, aplicando procedementos estandarizados para a consecución dos resultados acústicos óptimos.	NO
RA4 - Mestura en directo os ficheiros de audio na sala, tendo en conta a relación das características do público e a temática do evento coa consecución dos obxectivos da sesión.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Conectáronse os equipamentos reprodutores nas entradas de pista axeitadas, atendendo ao tipo de sinal phono, liña ou dixital.
CA3.4 Axustáronse os niveis de entrada de sinal procedentes dos reprodutores mediante a variación das súas ganancias, ecualizando o son cos controis do mesturador e referenciando os indicadores gráficos de sinal ao nivel de cero decibeis.
CA3.6 Realizouse unha proba de son con auriculares para comprobar que todos os niveis de entrada e saída de audio sexan correctos.
CA4.1 Axustouse de xeito manual ou automático a velocidade de reprodución do seguinte tema que se vaia mesturar, para o sincronizar co tema que estea a soar, mediante a escoita simultánea de ambos.
CA4.2 Localizáronse, mediante preescoita, os puntos de mestura da peza ou o ficheiro entrante, e axustáronse ao nivel do sinal e ao ritmo da peza saliente.
CA4.3 Realizouse a mestura utilizando os controis do mesturador, ecualización, fader e crossfader, empregando a técnica máis conveniente para cada tipo de mestura, xa sexa en sincronía ou xa en fundido progresivo ou en transición por corte.
CA4.4 Mantívose sempre a calidade do son, respectando as marxes dinámicas, a intelixibilidade da música e as marxes legais en materia de riscos laborais e contaminación acústica.
CA4.6 Consideráronse as posibilidades de resposta do público, adaptando o repertorio dispoñible ás súas demandas e realizando unha mestura en directo tecnicamente correcta e musicalmente coherente.
CA4.7 Reaccionouse ante imprevistos técnicos xurdidos durante a actuación en vivo, aplicando os protocolos de resposta e resolvendo as incidencias con prontitude.
CA4.8 Reaccionouse axiña e seguindo protocolos estandarizados de resposta en simulacros de emerxencia con alteracións de orde pública, incendios e outros contratemplos.

4.8.e) Contidos

Contidos
Tipoloxía, características e manexo de aplicacións de catalogación de ficheiros de audio, tales como iTunes, WMP, Winamp, etc.

Contidos
Mesturas de fundido: identificación de puntos de fundido, uso do crossfader e o ecualizador. Técnicas de kill frequency.
Mesturas sincrónicas: sincronización manual; procedementos de localización do beat e o compás; características técnicas e utilización do control de pitch, a ecualización selectiva, o crossfader e o control de ganancia.
Mesturas por corte: procedementos de localización do beat e o compás; características técnicas e utilización do control de pitch, a ecualización selectiva, o crossfader e o control de ganancia.
Sincronización dixital, análise de ficheiros para identificar características de tempo, técnicas de warping e beatmapping, localización de puntos de cue e almacenamento de ficheiros procesados.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Técnicas expresivas da sesión musical	40

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza os ficheiros de audio seleccionados para a sesión, a partir da valoración das súas características sónicas, estilísticas e musicais.	NO
RA2 - Planifica a sesión musical, coordinando os recursos técnicos e humanos dispoñibles, e documentando nunha escaleta o desenvolvemento previsible da sesión músico-visual.	NO
RA3 - Instala o equipamento de disc-jockey na cabina ou no espazo de traballo, aplicando procedementos estandarizados para a consecución dos resultados acústicos óptimos.	NO
RA4 - Mestura en directo os ficheiros de audio na sala, tendo en conta a relación das características do público e a temática do evento coa consecución dos obxectivos da sesión.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Agrupáronse os ficheiros de audio seleccionados para a sesión, en cartafolios contedores organizados por estilos ou outros criterios de utilidade, para a súa utilización na sesión en vivo.
CA1.4 Seleccionáronse os ficheiros que necesitan ser editados para normalizar as súas características sónicas, con vistas a unha correcta reprodución.
CA1.5 Confeccionáronse listas de reprodución automática co material escollido para a sesión, destinadas a seren reproducidas de xeito desatendido por parte do/a disc-jockey.
CA1.5.1 Mantívose a iniciativa e espírito emprendedor, manifestando creatividade e xestión dos riscos na resolución de problemas desenvolvendo capacidade autocrítica e tolerancia á crítica nun contexto de colaboración

Criterios de avaliación
CA2.4 Determinouse o número, as características específicas e a orde das saídas ao escenario de figurantes, persoas animadoras, bailaríns e bailarinas e demais intervenientes, así como o horario e o tempo de cada intervención.
CA2.5 Definíronse as características dos efectos de luminotecnia e de vídeo que cumpra utilizar no desenvolvemento da sesión, para ser realizados por light-jockeys e vídeo-jockeys ou, de xeito integrado, por unha mesma persoa.
CA3.1 Instaláronse reprodutores de audio, computadores portátiles, controladores MIDI e tarxetas de son de diversa procedencia no espazo de traballo, utilizando etiquetas identificativas de propiedade.
CA3.2 Conectáronse os equipamentos reprodutores nas entradas de pista axeitadas, atendendo ao tipo de sinal phono, liña ou dixital.
CA3.4 Axustáronse os niveis de entrada de sinal procedentes dos reprodutores mediante a variación das súas ganancias, ecualizando o son cos controis do mesturador e referenciando os indicadores gráficos de sinal ao nivel de cero decibeis.
CA3.6 Realizouse unha proba de son con auriculares para comprobar que todos os niveis de entrada e saída de audio sexan correctos.
CA3.7 Respectouse a normativa relativa á protección de riscos laborais e contaminación acústica, revisando os niveis de monitorización na cabina e potencia amplificada.
CA4.1 Axustouse de xeito manual ou automático a velocidade de reprodución do seguinte tema que se vaia mesturar, para o sincronizar co tema que estea a soar, mediante a escoita simultánea de ambos.
CA4.4 Mantívose sempre a calidade do son, respectando as marxes dinámicas, a intelixibilidade da música e as marxes legais en materia de riscos laborais e contaminación acústica.
CA4.5 Mantívose a adecuación do discurso musical ao resto de elementos visuais ou escénicos que interveñan na sesión, realizando cambios e adaptacións en tempo real en caso de descoordinación puntual.
CA4.6 Consideráronse as posibilidades de resposta do público, adaptando o repertorio dispoñible ás súas demandas e realizando unha mestura en directo tecnicamente correcta e musicalmente coherente.
CA4.7 Reaccionouse ante imprevistos técnicos xurdidos durante a actuación en vivo, aplicando os protocolos de resposta e resolvendo as incidencias con prontitude.
CA4.8 Reaccionouse axiña e seguindo protocolos estandarizados de resposta en simulacros de emerxencia con alteracións de orde pública, incendios e outros contratempos.

4.9.e) Contidos

Contidos
Tipoloxía, características e manexo de aplicacións de catalogación de ficheiros de audio, tales como iTunes, WMP, Winamp, etc.
Aplicación de procedementos de rexedoría á preparación de sesións de animación musical.
A escaleta e as súas características. Elaboración dunha escaleta: liña de tempo, duración das pezas audiovisuais, duración das intervencións dos performers e situación no escenario.
Mesturas por corte: procedementos de localización do beat e o compás; características técnicas e utilización do control de pitch, a ecualización selectiva, o crossfader e o control de ganancia.

Contidos
Sincronización dixital, análise de ficheiros para identificar características de tempo, técnicas de warping e beatmapping, localización de puntos de cue e almacenamento de ficheiros procesados.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Scratch, sampling, mestura armónica e tendencias contemporáneas do espectáculo musical	30

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza os ficheiros de audio seleccionados para a sesión, a partir da valoración das súas características sónicas, estilísticas e musicais.	NO
RA2 - Planifica a sesión musical, coordinando os recursos técnicos e humanos dispoñibles, e documentando nunha escaleta o desenvolvemento previsible da sesión músico-visual.	NO
RA3 - Instala o equipamento de disc-jockey na cabina ou no espazo de traballo, aplicando procedementos estandarizados para a consecución dos resultados acústicos óptimos.	NO
RA4 - Mestura en directo os ficheiros de audio na sala, tendo en conta a relación das características do público e a temática do evento coa consecución dos obxectivos da sesión.	NO

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Agrupáronse os ficheiros de audio seleccionados para a sesión, en cartafolos contedores organizados por estilos ou outros criterios de utilidade, para a súa utilización na sesión en vivo.
CA1.4 Seleccionáronse os ficheiros que necesitan ser editados para normalizar as súas características sónicas, con vistas a unha correcta reprodución.
CA1.5 Confeccionáronse listas de reprodución automática co material escollido para a sesión, destinadas a seren reproducidas de xeito desatendido por parte do/a disc-jockey.
CA1.5.1 Mantívose a iniciativa e espírito emprendedor, manifestando creatividade e xestión dos riscos na resolución de problemas desenvolvendo capacidade autocrítica e tolerancia á crítica nun contexto de colaboración
CA2.4 Determinouse o número, as características específicas e a orde das saídas ao escenario de figurantes, persoas animadoras, bailaríns e bailarinas e demais intervinientes, así como o horario e o tempo de cada intervención.
CA2.5 Definíronse as características dos efectos de luminotecnia e de vídeo que cumpran utilizar no desenvolvemento da sesión, para ser realizados por light-jockeys e vídeo-jockeys ou, de xeito integrado, por unha mesma persoa.

Criterios de avaliación
CA3.1 Instaláronse reprodutores de audio, computadores portátiles, controladores MIDI e tarxetas de son de diversa procedencia no espazo de traballo, utilizando etiquetas identificativas de propiedade.
CA3.2 Conectáronse os equipamentos reprodutores nas entradas de pista axeitadas, atendendo ao tipo de sinal phono, liña ou dixital.
CA3.4 Axustáronse os niveis de entrada de sinal procedentes dos reprodutores mediante a variación das súas ganancias, ecuando o son cos controis do mestrador e referenciando os indicadores gráficos de sinal ao nivel de cero decibeis.
CA3.6 Realizouse unha proba de son con auriculares para comprobar que todos os niveis de entrada e saída de audio sexan correctos.
CA3.7 Respectouse a normativa relativa á protección de riscos laborais e contaminación acústica, revisando os niveis de monitorización na cabina e potencia amplificada.
CA4.4 Mantívose sempre a calidade do son, respectando as marxes dinámicas, a intelixibilidade da música e as marxes legais en materia de riscos laborais e contaminación acústica.
CA4.5 Mantívose a adecuación do discurso musical ao resto de elementos visuais ou escénicos que interveñan na sesión, realizando cambios e adaptacións en tempo real en caso de descoordinación puntual.
CA4.5.1 Desenvolveu unha sesión coherente con estilos musicais contemporáneos (trap, lofi, hyperdub, glitchcore...)
CA4.6 Consideráronse as posibilidades de resposta do público, adaptando o repertorio dispoñible ás súas demandas e realizando unha mestura en directo tecnicamente correcta e musicalmente coherente.
CA4.7 Reaccionouse ante imprevistos técnicos xurdidos durante a actuación en vivo, aplicando os protocolos de resposta e resolvendo as incidencias con prontitude.
CA4.8 Reaccionouse axiña e seguindo protocolos estandarizados de resposta en simulacros de emerxencia con alteracións de orde pública, incendios e outros contratemplos.

4.10.e) Contidos

Contidos
Características do prato xiradiscos e as súas partes: brazo, agulla, cápsula, control de velocidade, calibración de pesos, conexión do sinal phono, axuste e mantemento.
Equilibra correctamente a agulla do reprodutor e compensa a inercia do sistema
Tipoloxía, características e manexo de aplicacións de catalogación de ficheiros de audio, tales como iTunes, WMP, Winamp, etc.
Planificación e coordinación de recursos humanos: bailaríns e bailarinas, performers, intérpretes musicais en directo e persoal técnico (light-jockey e vídeo-jockey).
Aplicación de procedementos de rexedoría á preparación de sesións de animación musical.
Configuración e estrutura dos espazos escénicos en sesións de animación musical.

Contidos

A escaleta e as súas características. Elaboración dunha escaleta: liña de tempo, duración das pezas audiovisuais, duración das intervencións dos performers e situación no escenario.

Execución de rider técnicos de intervenientes invitados. Conexión de equipamentos de audio, vídeo e iluminación: tipos de conexións.

Técnicas de scratch e turntablism: técnica beat juggling. Técnica scratch. Técnicas de uso do reprodutor como instrumento.

Sincronización dixital, análise de ficheiros para identificar características de tempo, técnicas de warping e beatmapping, localización de puntos de cue e almacenamento de ficheiros procesados.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Debido ao periodo de estancia en FCT, o módulo se compón unicamente de dúas avaliacións continuas, que terán unha nota de media aritmética entre elas.

Cada unidade didáctica se descompón en tarefas prácticas puntuables de 0 a 10 puntos (P), avaliadas mediante diferentes instrumentos como listas de cotexo ou táboas de observación. As tarefas prácticas terán un peso final da cualificación da avaliación dun 60%.

Ao remate de cada avaliación, realizarase unha proba escrita que terá un peso na cualificación da avaliación dun 40%.

A nota final do módulo será unha media aritmética das dúas avaliacións.

Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva son:

1) Organización dos ficheiros de audio seleccionados para a sesión, a partir da valoración das súas características sónicas, estilísticas e musicais. Avaliarase a consecución mínima desta competencia mediante os seguintes criterios:

- Seleccionáronse do catálogo disponible os ficheiros de audio que se vaian utilizar na sesión, atendendo a criterios estilísticos, temáticos, musicais, de horario e de tipo de audiencia a partir da súa escoita.
- Editáronse os metadatos nos propios ficheiros de audio, cubrindo todos os campos requiridos mediante a aplicación de catalogación e atendendo aos estándares de nomenclatura ID3
- Agrupáronse os ficheiros de audio seleccionados para a sesión en cartafolios organizados por estilos ou outros criterios de utilidade, para a súa utilización na sesión en vivo.

2) Planificación da sesión musical, coordinando os recursos técnicos humanos disponibles e documentando nunha escaleta o desenvolvemento previsible da sesión músico-visual. Avaliarase a consecución mínima

desta competencia mediante os criterios:

- Planifícase a sincronización dos ficheiros musicais cos recursos de iluminación, vídeo ou calquera outro tipo, tendo en conta a duración exacta das pezas musicais ou de limaxe así como as características de iluminación da sala
- Defínense as características dos efectos de luminotecnia e de vídeo que cumpra utilizar no desenvolvemento da sesión para ser realizados por light.jockeys e video.jockeys ou de xeito integrado por unha mesma persoa
- Organízanse os procesos de traballo aplicando técnicas de organización e planificación e temporalización de fases de actuación
- Elaboráronse as necesidades de equipamento derivadas da interpretación dun rider técnico de artista, seguindo as instrucións precisas para a situación do equipamento no espazo de traballo e formulando alternativas adaptadas á sala.
- Elaborouse un documento ou escaleta que reflecta a temática da sesión, a planificación temporal dos cortes musicais e visuais, as características de iluminación e a intervención de participantes e persoas convidadas.

3) Instalación do equipamento de disc-jockey na cabina ou no espazo de traballo, aplicando procedementos estandarizados para a consecución dos resultados acústicos óptimos. Avaliarase a consecución mínima desta competencia mediante os seguintes criterios:

- Instaláronse os reprodutores de audio, computadores portátiles, controladores MIDI e tarxetas de son e de seguridade para artistas, persoal técnico e público asistente.
- Conectáronse os equipamentos reprodutores nas entradas de pista axeitadas, atendendo ao tipo de sinal phono, liña ou dixital.
- Axustáronse os niveis de entrada de sinal procedentes dos reprodutores mediante a valoración das súas ganancias ecualizando o son cos controis do mesturador e referenciando os indicadores gráficos de sinal ao nivel de cero decibeis.
- Axustáronse os niveis do mesturador en saídas máster e monitores para os adecuar aos requisitos dos equipamentos de amplificación e megafonía.
- Realizouse unha proba de son mediante auriculares para comprobar que tódolos niveis son correctos

4) Mestura en directo os ficheiros de audio na sala, tendo en conta a relación das características do público e a temática do evento coa consecución dos obxectivos da sesión. Avaliarase a consecución mínima desta competencia mediante os seguintes criterios:

- Localizáronse mediante preescoita os puntos de mestura da peza ou o ficheiro entrante e axustáronse ao nivel do sinal e ao ritmo da peza saínte
- Realizouse a mestura utilizando os controladores do mesturador, ecualización, fader e crossfader, empregando a técnica máis conveniente para cada tipo de mestura, xa sexa en sincronía ou xa en fundido progresivo ou transición por corte.
- Mantívose sempre a calidade do son, repectando as marxes dinámicas, a intelixibilidade da música e as marxes legais en materia de riscos laborais e contaminación acústica

5) Mestura en directo os ficheiros de audio e a locución correspondente do programa musical de radio en directo, en difusión herziana ou a través de Internet, valorando as características da audiencia, a duración do

programa, o horario de emisión e o rango de cobertura. Avaliarase a consecución mínima desta competencia mediante os criterios:

- Realizáronse as locucións pertinentes aos cortes musicais seguindo as pautas de vocalización, ritmo e linguaxe radiofónica e mantendo o estilo do programa e da emisora.
- Elaborouse un guión onde se defina o momento de emisión e a duración de locucións, ficheiros de audio, intersticios publicitarios e intervencións de persoas convidadas, reflecetindo nunha liña de tempo acorde á duración do programa a irrupción de todos eles
- Mesturáronse en directo as fontes de son, seguindo sempre as indicacións do guión a axustándose á liña de tempo previamente definida.

A superación satisfactoria destes CAs implica necesariamente:

- Demostrar o manexo do software, equipamento específico de sonorización e hardware necesario para a superación das tarefas;
- Aplicar en todo momento as medidas de seguridade pertinentes e o estrito coidado do material a empregar.
- Ter unha actitude positiva, de participación activa e respecto entre compañeiros e compañeiras e cara o grupo docente e a comunidade educativa no seu conxunto.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao longo do curso, o alumnado que non superase satisfactoriamente a correspondente avaliación trimestral terá a posibilidade de avaliar novamente os seus coñecementos través dun exame a comezos do trimestre seguinte, ou a finais no caso do segundo trimestre.

No caso de non conseguir unha cualificación positiva a final de curso, deberá realizar satisfactoriamente unhas tarefas similares ás realizadas durante o ano académico no periodo de recuperación antes da avaliación extraordinaria, na cal terá que probar os seus coñecementos mediante unha proba teórico-práctica, da cal se obterá a súa cualificación final. A cualificación será numérica, sendo imprescindible acadar un 5.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación inicial na formación profesional realizarase tendo en conta os resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación do módulo profesional. Realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que será unha avaliación continua. Daí que a acumulación do 10% de faltas do total do módulo implicará perder este dereito, valoradas as circunstancias laborais e persoais do alumno na xustificación das faltas acorde co establecido no correspondente regulamento interior do centro.

O alumno que perda o dereito á avaliación continua deberá examinarse nunha proba final de toda a materia. Esta consistirá en dúas seccións, unha parte teórica (T) e outra eminentemente práctica (P) Ámbalas

seccións se puntuán de 0 a 10 puntos máximos, ponderados nun 40% na parte teórica e un 60% a práctica. A nota resultante deberá ser igual a 5 ou superior para poder superar a proba e, por conseguinte, o módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de 12 de xullo de 2011 (DOG nº 136) da Consellería de de Educación e Ordenación Universitaria enfatiza no seu capítulo VIII a necesidade de realizar un proceso de avaliación continua durante o proceso formativo. Se ben a tal expresión compete estritamente a un dereito do alumnado entorno á adquisición de contidos e competencias, o docente debe ser o primeiro en estar sometido á crítica do seu labor e atender ao progreso da consecución dos obxetivos de aprendizaxe efectiva e real no alumnado.

Neste sentido, compréndese a dinámica da aula como un proceso de ensino e aprendizaxe recíproco, no que é a observación individualizada de cómo cada alumno e alumna interioriza os contidos e adquire destrezas o criterio sobre o que avaliar cales obxetivos están a ser axeitadamente interiorizados e cales non. Nestes segundos, optárase por un reforzo explicativo que, de seguir sin ter efecto, aconsellará a busca dun enfoque pedagóxico alternativo que permita unha aproximación operativa por outros medios explicativos aos contidos.

Como punto de partida psico-pedagóxico, tómase á aprendizaxe significativa de David P. Ausubel; de forma que aqueles coñecementos xa coñecidos polo alumnado sexan o vector elemental para os novos contidos que deben ser adquiridos. É moi frecuente que entre o grupo compareza un perfil de alumno con certa experiencia previa no campo do djing, xa como produtor de material propio dende un DAW especializado en MIDI (Ableton, FL ou similar) como pertencente a algún tipo de colectivo ou agrupación musical ou con experiencia en sesións máis ou menos informais. Este perfil adoita presentar grande entusiasmo e expectativas sobre o módulo e adoita aportar un grande coñecemento dalgún xénero musical contemporáneo no que está especialmente implicado. Isto aporta un capital intelectual moi valioso á experiencia educativa na súa globalidade, mais con frecuencia adoce tamén de criterios fundamentados en coñecementos fragmentarios que é imprescindible asentar dende un sistema estruturado para encauzar a creatividade en produtividade.

Enténdese así a importancia da avaliación inicial, como se desenvolve no apartado 8.a. Como ferramenta de control obxetiva da adquisición de contidos conceptuais, realizarase ao longo de todo o curso unha táboa de observación dos exercicios prácticos e probas escritas, onde se obterá a media aritmética da aula. De forma lóxica, entenderase que esta media de grupo debería ser ascendente no tempo, tomándose as medidas de reforzo necesarias se o índice se estancase ou mesmo resultara decrecente.

En tanto formación capacitante para o exercicio responsable dun posto de traballo na sociedade, será de especial importancia a xestión da dinámica do grupo na adquisición de contidos procedimentais e actitudinais de respecto mutuo, responsabilidade persoal e fomento da excelencia nos resultados. O contexto relacional do espazo de traballo docente constitúe unha base irrenunciable para o desenvolvemento do módulo.

Será indispensable que o docente se manteña en constante actualización multidisciplinar para non perder o paso respecto da realidade do sector ao que se orienta a formación deste módulo, especialmente, a actualización das sucesivas versións dos software vehiculares do módulo. A efectos desta programación, avaliáronse as seguintes versións dos mesmos: Steinberg Cubase 9.5 / Pure Data pd0.47 / Recordvox 6 /

Traktor S4 MkII / Traktor Scratch Pro2 / Voxengo SPAN plus / Spectroid PEGI 3.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O procedemento para avaliación inicial aplícase en base á Orde do 12 de xullo de 2011. Ademais no marco do Decreto 229/2011 do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, defínese a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións destinadas a adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O sistema educativo debe dar cabida a un alumnado moi heteroxéneo, que abrangue dende alumnos de culturas diferentes ata necesidades educativas especiais ou medidas específicas de apoio. É por isto necesario, conforme o definido polo artigo 8 de dito regulamento, incorporar medidas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo ao contexto sociocultural do grupo e as características do alumnado, sen alterar significativamente os obxectivos da programación, nin os contidos e criterios de avaliación.

Para poder levar a cabo estas medidas, debemos coñecer os intereses e puntos de partida do alumnado, polo que os elementos empregados para a avaliación inicial son:

- a) Cuestionario verbal inicial para coñecer as características do grupo
- b) Seguemento a través dos procesos e resultados obtidos nas primeiras prácticas

Transcurridas as primeiras semanas do curso se poderá entón definir ao grupo entorno ás súas características xerais, a súa disposición e capacidade de aprendizaxe, a relación interpersoal e os hábitos de traballo e o punto de partida e evolución do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dáse por suposto que o alumnado parte de experiencias moi diversas na súa aproximación ao campo musical, decívise no módulo. Irase dando cabida gradual a aqueles conceptos fundamentais de teoría musical e armonía imprescindibles para nivelar o grupo de cara ao segundo bloque do módulo.

Así mesmo, faise especial fincapé nas técnicas de locución, cun maior tempo para aquel alumnado que presenta maiores problemas á hora de expresarse en público e con maiores reparos en asumir un rol protagonista na aula.



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Esta programación entende como finalidade última do proceso educativo a formación integral do alumnado través dun constante principio procedemental de adquisición de destrezas e traballo en valores través da praxe profesional que lle permitan escoller con criterio as súas eleccións na vida como individuos responsables, asumindo a xestión do risco dende o coñecemento, capaces de valerse por si; en definitiva, individuos libres, responsables e xeneradores de valor no ámbito social.

Decláranse como principios axiolóxicos:

- A práctica sistematizada do pensamento crítico, a dúbida racional e a argumentación lóxica como hábitos elementais e puntos de partida para a elaboración dun plano de vida responsable no plano persoal, cidadán e profesional.
- O respecto entre todas e todos os membros da comunidade educativa, a convivencia, a tolerancia, a empatía, a observación estricta da liberdade de conciencia e expresión e a resolución pacífica dos conflitos.
- A igualdade entre mulleres e homes, segundo o establecido no artigo 9 da lei 7/2004 de 16 de xullo para a igualdade da Xunta de Galicia, que consagra o eido educativo como un dos seus principais promotores. O ámbito do VídeoDj contemporáneo, singularmente a música electrónica, amosa unha ratio de mulleres en primeira línea da produción musical moi superior a case calquera outro ámbito da produción cultural, o que se terá en constante consideración á hora de amosar exemplos na aula. Actuarase en todo momento dentro do respecto aos dereitos e deberes fundamentais na igualdade de dereitos e oportunidades.
- A solidariedade e integración co alumnado con necesidades especiais, singularmente con aquel que amose discapacidade, non só evitando situacións de discriminación senon construíndo en positivo cohesión do grupo.
- O pleno desenvolvemento das capacidades persoais, a responsabilidade individual, o esforzo e a autosuperación, a práctica interiorizada da disciplina e rigorosidade laboral, a autoesixencia, a destreza profesional, a procura da excelencia no traballo realizado, a adquisición de hábitos intelectuais e científicos, e o cultivo da curiosidade, a paciencia e o traballo como motor do coñecemento.
- A articulación do módulo busca, idealmente, funcionar parella ao concepto de antifraxilidade proposto por Nassim N. Taleb; dinámica orgánica capaz de evolucionar obtendo vantaxe da aparición do inesperado, o azaroso; dos estresores pedagóxicos, temáticos e persoais que aparezan ao longo do curso. Dentro dos límites sinalados por esta programación, educar ao alumnado na toma de decisións áxil, sólida e fundamentada, preparada para afrontar a aparición da continxencia, será clave tanto como factor motriz fundamental do proceso pedagóxico na aula, como actitude estrutural na futura actividade profesional.

Resultará de especial énfase a motivación do alumnado para acadar resultados de calidade, excelencia, claridade expositiva, control técnico e atención ao detalle. Sen perder entusiasmo, pero sen caer tampouco no voluntarismo naïve, é imprescindible comprender que o campo da animación musical en vivo, singularmente o djing, é un campo profesional cuxa práctica é posible só acompañada de disciplina, adestramento e

rigor. Como practicamente todo sector da industria cultural, a fasquía da distribución do modelo de negocio deste sector profesional non segue unha distribución estatística normal, senon unha distribución desigual máis próxima ao modelo distributivo de Pareto do que á campana gaussiana, onde moi poucos actores do total acumulan a meirande parte dos impactos, remuneracións e atención do público e crítica especializada. Ser conscientes do punto de partida e da esixencia da chegada é a única maneira de percorrer con realismo, pero tamén con ilusión, o camiño profesional que se abre ante o titulado do presente ciclo medio neste perfil.

Cara ao mes de marzo 2023, conforme a temporalización prevista, se coordinarán as actividades, singularmente as 4.4 e 4.5 da UD4, cos módulos de Animación Visual en Vivo e Control, Edición e Mestura de Son, para integrar as capacidades adquiridas polo alumnado nun evento de fin de curso no que o grupo se poida subdividir en unidade de produción visual, sonora e musical, para un festival coordinado no Auditorio do centro escolar no que poñer en marcha nun evento con público real, se a situación pandémica o permite, no que poder condensar todo o aprendizaxe adquirido no ciclo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O ciclo dispón de tres espazos de uso que lle son propios; unha aula de fasquía convencional, na que ten lugar o groso da formación do primeiro curso, unha aula na que un espazo de traballo cun pequeno truss partilla delimitación cun aula convencional e unha aula técnica insonorizada cun amplo estudo dotado de paneis de acondicionamento móbiles e dous estudos de control. Animación musical en vivo tería lugar fundamentalmente na aula de segundo curso, empregando de xeito intensivo a aula técnica sobre todo no desenvolvemento das UD1 e 4. Ademais, fariase uso do pabillón deportivo do centro durante a UD1 e do teatro do centro, equipado cun truss e luminarias do ciclo, para a actividade final da materia.

O IES Xelmírez I destaca singularmente por unha intensa vida cultural no centro, que en numerosas ocasións ofrece oportunidades pedagóxicas para a participación técnica do alumnado do ciclo. De forma xeral, enténdese que o alumnado de Animación musical en vivo participará destes eventos programados polo centro, suplindo as súas necesidades de sonorización e rexistro sonoro, integrados como exercicio práctico do curso. O mesmo departamento de Imaxe e Son caracterízase por prantexar intensamente propostas de actividades nas que se contará tamén coa participación do alumnado da materia.

Malia que corresponde ao departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares (DACE) a coordinación das actividades educativas organizadas fóra do centro escolar, no ámbito de Animación Musival en Vivo, procurárase proboñer saídas didácticas como reforzo á secuencia das unidades didácticas:

- Visita á Radio Galega (RG) nos estudos de San Marcos (Compostela)
- Visita ao Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega (Compostela)
- Visita ás salas Capitol e Pelicano, para o recoñecemento do seu sistema de son e espazo escénico.

-Tamén se poderán realizar saídas á charlas e masterclass de interese para o alumnado no ámbito da produción audiovisual.

Asimesmo, contéplase a colaboración estreita e regular co departamento de Música durante o curso escolar para actividades conxuntas.

Asúmese fundamental o fomento da curiosidade como motor do proceso formativo, polo que se estará constantemente alerta de concertos, instalacións artísticas, exposicións ou eventos culturais próximos ao centro escolar que se xulguen relevantes para o alumnado.

Recomendarase bibliografía e material complementario para cada unidade didáctica. Con carácter xeral, é un obxectivo declarado que o alumnado coñeza a terminoloxía técnica específica do seu campo profesional coas súas correspondentes voces en lingua inglesa.

Finalmente, xúlgase fundamental o constante fomento de escoita e investigación nas tendencias musicais contemporáneas, tanto dende a estricta produción musical como dende as fronteiras do campo da arte sonora, propostas de música sinfónica de vangarda, DUB, lo-fi, lindihop, big beat, trap, deep house, roots, minimal...; inquerindo ao alumnado constantemente sobre os seus últimos achádegos, últimas producións audiovisuais vistas, etc., tentando vencellar as propostas estéticas e discursivas coas súas correspondentes necesidades técnicas.

10. Outros apartados

10.1) Talleres maxistrals

Será de especial interese a colaboración con profesionais do Djing contemporáneo en activo que poidan aportar unha visión complementaria á aportada polo docente, apegada á realidade produtiva do sector do que son expertos profesionais. Neste sentido, a maiores de outras oportunidades que se poidan apresentar ao longo do curso, son de especial interese:

- Dj Saraiba, especialista en xénero "remember", sobre a estrutura da sesión musical en atención á atmósfera de sala e o "crowd reading"
- Dj Mil (WAX! Cultura Dj) especialista en scratch, que aportará unha sesión monográfica entorno a esta técnica concreta con base en vinilo.
- Elena Mertens, da escola de danza Step and Gaze, cun taller conxunto para a coordinación da sesión musical co corpo de bailarinas e bailaríns.

10.2) Bibliografía

· Estructural:

Blánquez e León (eds.) Loops, volumes 1 e 2, Penguin Random House, Barcelona, 2018

Brewster e Broughton, Last Night a DJ Saved my life: the history of disc-jockey, Orion, 2016

Blanco, Pablo, Manual didáctico para el DJ Profesional, Altaria, Barcelona, 2017

Howlett et al. Ortofon: A century of accuracy in sound, Copenhagen, 2018

Vorobyev e Coomes, Beyond Beatmaching, Mixed in Key, Londres, 2012

· Complementaria avanzada:

Davies & Jones, Sound Reinforcement Handbook, Yamaha, Los Angeles (California) 1990 (2ª ed)

Felton et al, The Secrets of Dance Music Production, Attack, Londres, 2019

Ruiz Vasallo, F. Equipos de sonido, CEAC electrónica, Barcelona, 2005

Smart, A. et al. How to DJ: a Guide to Dj-ing and Electronic Music, Faber, 2022

· Complementaria musical:

Allen, A. Music Theory for electronic music producers, SLAM Academy, 2018

Cage, Jonh, Silencio, Siruela, Sevilla, 1999

Carpinterio Arias, P. Os instrumentos musicais na tradición galega, Difusora Editorial, A Coruña, 2000

Herrera, E. Teoría musical y armonía moderna, Antoni Bosch eds. Barcelona, 2009

Levy, E., A Theory of Harmony, NY State University Press, 1978

Piston, W. Armonía, Idea Books, Barcelona, 2004

· Pedagóxica

Rosellini, R. Un espírito libre no debe aprender como esclavo, Barcelona, Paidós, 2008

Sánchez Tortosa, J. El culto pedagógico, AKAL, Madrid, 2019

Taleb, N., Antifragile. The things that gain from disorder. Penguin, Londres, 2020

· Legal

Decreto 200/2013 de 27 de decembro polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Vídeo Disc-Jockey e Son (DOG número 62 de 31 de marzo de 2014)

Orde de 12 de Xullo de 2011 da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria que regula o desenvolvemento, avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG núm 136 de 15 de xullo)

Ley 10/2017 de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (BOE 729 2017)

10.3) Discografía

Elemental

(orde cronolóxica)

ELVIS PRESLEY (disco homónimo)

ALAN LOMAX- PARCHMAN NEGRO PRISON SONGS

JONH CAGE - PREPARED PIANO WORKS

GYÖRGY LIGETI - LE GRAND MACABRE

ÄRVO PART - LAMENTATE

MOONDOG- ON THE STREETS OF NEW YORK

MILES DAVIES - A KIND OF BLUE

JOHN COLTRANE - A LOVE SUPREME

THE BEACH BOYS - PET SOUNDS

THE BEATLES - REVOLVER

DUSTY SPRINGFIELD- DUSTY IN MEMPHIS

THE JIMI HENDRIX EXPERIENCE - ELECTRIC LADYLAND

MARVIN GAYE - WHAT¿S GOING ON

WES MONTGOMERY - FULL HOUSE

PINK FLOYD - THE DARK SIDE OF THE MOON

LED ZEPPELIN - III

FRANK ZAPPA - JOE¿S GARAGE

JOSÉ AFONSO - EMQUANTO HÁ FORÇA

MICHAEL JACKSON - THRILLER

TOM WAITS - RAINDOGS

DR. DRE - THE CHRONIC

NIRVANA - NEVERMIND

2PAC SACUR - ALL EYEZ ON ME

US3- HAND ON TORCH

RADIOHEAD - OK COMPUTER

STING- SONGS FROM THE LABYRINTH

DAFT PUNK - RANDOM ACCESS MEMORIES

MOGWAY - EVERY COUNTRYS SUN

DIMITRI VEGAS - MPIRE



ROSALIA - EL MALQUERER
C. TANGANA- EL MADRILEÑO

Electrónica

WHITE NOISE - AN ELECTRIC STORM

KRAFTWERK - COMPUTER WORLD

BRIAN ENO - APOLLO

OMD - ARCHITECTURE & MORALITY

PET SHOP BOYS - PLEASE

NEW ORDER - POWER, CORRUPTION & LIES

DJ SHADOW - ENDTRODUCING...

PORTISHEAD - DUMMY

MASSIVE ATTACK - MEZZANINE

MOBY - PLAY

BOARDS OF CANADA - MUSIC HAS THE RIGHT TO CHILDREN

THE CHEMICAL BROTHERS - SURRENDER

DAFT PUNK - DISCOVERY

RADIOHEAD - KID A

MODERAT - II

JAMIE XX - IN COLORS

M.I.A - ARULAR

DR. EICH - THE SECRET TAPES OF

FAT BOY SLIM - YOU¿ VE COME A LONG WAY

MOODYMAN - BLACK MAHONEY

GIGI D¿ AGOSTINO - BLA BLA

JAMES BLAKE - OVERGROWN

FAITHLESS - REVERENCE

DAVID GUETTA - ONE LOVE

APHEX TWIN - SELECTED AMBIENT WORKS 85-92

BURIAL - UNTRUE

UNDERWORLD - SECOND TOUGHEST IN THE INFANTS

OSCAR MULERO (disco homónimo)

G A S - NARKPOP

AVICI - TRUE

PRETTY LIGHTS - A COLOR MAP OF THE SUN

BORIS BREJCHA - PURPLE NOISE

DAVID GUETTA - UNITED AT HOME (Paris edition)

AMELIE LENS- FABRIC PRESENTS.....

THE CARETAKER - EVERYWHERE AT THE END OF TIME

Galicia

ALAN LOMAX - THE GALICIAN RECORDINGS

FAUSTINO SANTALICES - ROMANCE DE DON GAIFEROS

FLORENCIO "O CEGO DOS VILARES" - edición recollida A Central Folke, 2011

VVAA- RACIEIRAS (vols. I-V)

FUXAN OS VENTOS (disco homónimo)

SINIESTRO TOTAL - BAILARÉ SOBRE TU TUMBA

OS RESENTIDOS - FAI UN SOL DE CARALLO

VVAA - A CANTAR CON XABARÍN (VOLS. I-IV)

HEREDEIROS DA CRÚS - ERECSIONES MUNISIPALES

MERCEDES PEÓN - ISUÉ

KAMBOTES - EUTRAPELIA

BERROGÜETO- HEPTA

LUNEDA (disco homónimo)

ECLÉCTICA ENSEMBLE (disco homónimo)

DIOS KE TE CREW - XÉNESE

DAS KAPITAL - RÚIDO NEGRO

FLUZO (disco homónimo)

THE LÁKAZANS - HOMEGROWN

MALANDRÓMEDA - CADA CAN QUE LAMBA O SEU CARALLO

GROOVEZILLA - DREAMFUNK

ULOBIT - HABELAS...

NUADA - DECONSTRUÍR E REFACER

ORTIGA- SABES EL CAMINO QUE ELEGÍ

BAIUCA- EMBRUXO